



AXENDA 'TREMENDOS ANOS 20'

## Dios Ke Te Crew celebra este sábado 2 20 anos de rap en galego sobre os escenarios

O concerto 'Tremendos Anos 20', para o que xa non quedan entradas dispoñibles, comezará ás 19.30h na Sala Capitol e continuará na Malatesta até as 05.00h

A cita contará coa colaboración de Hermano L, DJ Mil, High Paw, Grande Amore, Malandróneda, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Santino, Vituco Neira (Ruxe Ruxe), Guillerme (Quempallou), Los Rastreadores, Rebeliom do Inframundo, Saibrán Yi yi, Rico Suárez, Ra Velenosa, Chicho Selektor, Padre Murdock e Croma

Este sábado 2, a partir das 00.00 horas, poderanse escoitar nas principais plataformas dixitais os 20 remixes dos temas de DKTC incluídos no disco-fanzine que a banda edita co gallo da efeméride

**Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2023.-** Dios Ke Te Crew festexará mañá sábado 2, 20 anos de rap en galego sobre os escenarios. A banda de Ordes celebrará os seus **Tremendos Anos 20** cunha xornada maratoniana de directos na que participarán, ademais deles, 18 bandas e solistas do país. A cita comezará ás 19.30 horas na Sala Capitol e estendarase até a madrugada na Sala Malatesta. As entradas para a ocasión esgotáronse hai un mes.

A festa **Tremendos Anos 20** será unha ocasión única para celebrar dúas décadas da escena rap en Galicia. Para iso, DKTC prepara unha "exclusiva cerimonia litúrxica" na que a banda celebrará vinte anos de vida acompañada, como non podería ser doutro xeito, dun "abraiante akelarre musical de amizade": **Malandróneda, Grande Amore, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Vituco Neira** (Ruxe-Ruxe), **Santino e Guillerme** (Quempallou) subirán ao escenario na Sala Capitol, espazo no que tamén actuarán, previamente e desde as 19.30 horas, **Hermano L, High Paw e DJ Mil**.

Ao peche da Capitol (00.00 horas), a celebración continuará na Sala Malatesta. Entre as 00.30 e as 05.00 horas, celebrarase o concerto de **Los Rastreadores** (Ortiga & Grande Amore), que dará paso aos *showcases* de **Rebeliom do Inframundo, Saibrán Yi yi, Rico Suárez e Ra Velenosa**, e tamén aos *dj sets* de **Chicho Selektor, Padre Murdock e Croma**.

Co gallo da efeméride, o público recibirá, como **agasallo pola compra da súa entrada, un disco-fanzine de edición exclusiva**, formado por 20 ilustracións doutras tantas artistas gráficas que se corresponden á vez, con 20 novos remixes de temas de Dios Ke Te Crew, feitas por outros tantos produtores musicais. O traballo, editado en formato A5, poderase recoller na Sala Capitol mañá mesmo e contará con QR's para a escoita directa das versións das cancións de DKTC, que estarán dispoñibles desde as 00.00 horas deste sábado 2 nas principais plataformas dixitais.



## AXENDA 'TREMENDOS ANOS 20'

### HORARIOS 'TREMENDOS ANOS 20'

#### SALA CAPITOL

**19.30h - Apertura de portas e inicio da 'Cerimonia litúrxica'**

19.40h - Dj Mil

20.40h - High Paw

21.15h - Hermano L

22.00h - Dios Ke Te Crew

#### SALA MALATESTA

00.30h - Los Rastreadores

**01.40h - 'Intervencións divinas' (Show Cases):**

- Rebeliom do Inframundo

- Saibrán Yiyi

- Rico Suárez

- Ra Velenosa

**02.50h - 'Sesións Divinas' (Dj sets):**

- Chicho Selektor

- Padre Murdock

- Croma

**Para máis información:**

**Contacto de prensa DKTC**

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Descarga aquí o [kit de prensa DKTC - Tremendos Anos 20](#)